



CURSO 2018-2019

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA
EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP ALAXE

ÍNDICE

<u>INTRODUCCIÓN</u>	<u>2</u>
<u>OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE INFANTIL</u>	<u>3</u>
<u>OBXECTIVOS POR ÁREAS</u>	<u>4</u>
<u>COMPETENCIAS BÁSICAS</u>	<u>5</u>
<u>PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS</u>	<u>6</u>
<u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u>	<u>38</u>
<u>MATERIAIS CURRICULARES</u>	<u>38</u>

INTRODUCCIÓN

Neste curso o CEIP A Laxe escolariza a 16 alumnos e alumnas de Educación Infantil.

O agrupamento para a impartición das especialidades faise combinando Inglés e Música, facendo quendas co grupo de 5 anos por una banda, e o grupo de 3 e 4 por outra.

Distribución do alumnado

2º ciclo de educación infantil	nº de alumnos/as
4º curso	4
5º curso	4
6º curso	4

Organización do espazo e do tempo

HORARIO	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:40-10:30					
10:30-11:20					
11:20-12:10					
12:10-12:35	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:35-13:00					
13:00-13:50			Lingua estranxeira		
13:50-14:40					

As sesións son dúas semanais de 25 minutos con cada grupo alternando con Música.

Recursos materiais dispoñibles non centro

- Radiocasete/ reprodutor CD
- Cámara de vídeo
- Computadoras
- Lousa Dixital Interactiva

Recursos espaciais dispoñibles no centro

- Aula de idiomas
- Aula de Computadoras
- Patio
- Ximnasio
- Biblioteca

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE INFANTIL

1. A finalidade da Educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas.

2. En ambos os ciclos atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

As tres áreas de experiencia na Educación Infantil

As tres áreas son:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento da contorna.
- Linguaxes: comunicación e representación.

O ensino do inglés bríndanos a oportunidade de integrar estas tres áreas dunha forma globalizadora, así como de demostrar a súa interdependencia. Polo tanto, os nenos non só aprenden inglés, senón que o utilizan como unha ferramenta de comunicación que lles permite descubrir e coñecer o seu corpo e adquirir unha imaxe positiva de si mesmos e dos seus compañeiros, a fin de adoptar actitudes autónomas con hábitos básicos de saúde e benestar e iniciar e promover as súas relacións sociais cos outros nenos e cos adultos.

Principios metodolóxicos da ensinanza do inglés na Educación Infantil

Input lingüístico adecuado

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira nos nenos da Etapa de Infantil é moi semellante ao proceso de adquisición da lingua materna. O neno deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Noutras palabras, tan importantes son as frases que marcan o labor cotián na aula de inglés como as que aparecen nas unidades dos materiais da clase.

Coordinación cos tiores

Ao ensinársese como unha ferramenta para a comunicación e para a representación, o inglés entra a formar parte do currículo xeral desta etapa e permite abarcar toda unha serie de conceptos, procedementos e actitudes que se encadran perfectamente dentro da Educación Infantil. Por esta razón, a coordinación cos tiores dos nenos resulta esencial para garantir que a aprendizaxe do inglés se enfoca de xeito integrado e globalizado coas outras áreas do currículo. É moi importante tamén que, ao comezar o curso, os profesores de inglés se poñan de acordo cos tiores para que os temas que se tratan nos materiais da clase coincidan cos doutras áreas. A orde na que aparecen as unidades neste método non é inalterábel; ao tratarse de fichas perforadas, estas unidades pódense organizar de modo que coincidan no tempo cos temas tratados polos tiores.

Rutinas da clase

Unha das bases dos materiais da clase son as rutinas que se integran no curso para desenvolver tanto a competencia sociocultural (os nenos aprenden que poden esperar da súa clase e que se espera deles) coma a competencia comunicativa (os nenos adquiren unha nova ferramenta de comunicación e unha serie de estratexias para entender e ser entendidos).

Actividades curtas

A capacidade de atención e de concentración dos nenos na Educación Infantil é bastante limitada, convén non dedicar demasiado tempo a unha determinada actividade e impartir as clases de modo que as actividades se sucedan rapidamente. Por este motivo, recoméndase non dedicar máis de dez minutos a cada unha delas.

O período de silencio

Ao comezo da súa aprendizaxe, moitos nenos atópanse no que os lingüistas denominan «período de silencio». Nesta fase rexeitan falar en inglés; con todo, óeno todo e utilizan o que oen para estruturar as súas nocións sobre o funcionamento deste novo idioma. É máis importante ofrecerlles numerosas oportunidades para que comprendan como funciona o idioma que insistirlles en que produzan determinadas palabras ou frases. Para iso, proporcionaránselles distintas posibilidades de resposta segundo os diversos tipos de aprendizaxe de cada alumno. Deste xeito, se lles expomos unha pregunta, brindarémolles a oportunidade de demostrar que nos entenderon a través dunha resposta física. Por exemplo, podemos pedirles aos nenos que se poñan de pé, que levanten a flashcard coa imaxe que indicamos ou que a coloquen no lugar correspondente. Imitando o xeito en que se adquire o primeiro idioma, proporcionarémolles respostas positivas para comunicarse.

Colaboración cos pais

Convén tamén manter un estreito contacto cos pais, explicándolles o que se pode esperar dos nenos e o método de traballo que se vai desenvolver dándolles pistas para que poidan apoiar aos seus fillos no proceso de aprendizaxe. Adoita dar bos resultados organizar unha función ao final de curso na que os nenos canten as súas cancións favoritas e os pais poidan compartir os seus logros con eles.

OBXECTIVOS POR ÁREAS

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- a) Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- b) Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- c) Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
- d) Realizar, de xeito cada vez máis autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
- e) Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.
- f) Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

O MEDIO FÍSICO, NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

- a) Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e mostrando interese polo seu coñecemento.
- b) Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- c) Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
- d) Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- e) Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- a) Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- b) Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- c) Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- d) Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
- e) Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.
- f) Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante ou emprego de diversas técnicas.
- g) Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polo alumnado (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron)

. Hai un aspecto que cómpre salientarmos, sobre o que se pode chamar *carácter combinado* da competencia: o alumnado, mediante o que *sabe*, debe demostrar que o *sabe aplicar*, pero ademais que *sabe ser e estar*. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do/a alumno/a. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o/a alumno/a no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/a, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que implique o respecto aos demais, ser responsable, traballar en equipo...

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

Contribución da área de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da *competencia en comunicación lingüística* de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa *competencia en tratamento da información e competencia dixital*. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a *competencia artística e cultural* xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da *competencia en autonomía e iniciativa persoal*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área "O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal", e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a *Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico* e a *Competencia matemática* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA EDUCACIÓN INFANTIL

Aínda que o enfoque principal nesta etapa consiste en motivar aos nenos e nenas máis que indicar os seus logros, o control do progreso é importante para poder facer un seguimento individualizado da aprendizaxe. No primeiro curso do 2º ciclo de infantil, como están empezando a aprender, a avaliación pódese basear na observación directa do seu desenvolvemento. É máis importante animalos a que participen, premiándoos con eloxios e pequenas recompensas, dedicar tempo a fixar os alicerces da futura aprendizaxe de idiomas con confianza.

O control de progreso é un labor continuo desde o 2º curso do 2º ciclo de infantil. Pódese facer en calquera momento, facendo varias preguntas despois da hora do conto, fixándose nos alumnos e alumnas mentres traballan na mesa e observando como se desenvolven nas actividades con toda a clase.

PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS :

Unidade - Hello

OBXECTIVOS

Presentar e practicar saúdos e presentacións en inglés. Introducir vocabulario relacionado co tempo.

Presentar e practicar vocabulario relacionado cos números.

Presentar e practicar a linguaxe relacionada con aniversarios e celebracións.

Introducir vocabulario das cores.

Establecer rutinas para empezar e acabar a clase.

Linguaxe activa

Vocabulario: Mouse, Daisy, Robin, boy, girl, sunny, windy, rainy, cloudy, yellow, red, green, blue, one, two, three, four, five, six

Estruturas: what's your name? What's the weather like? What colour is it? Happy Birthday, How old are you?

Linguaxe pasiva

Point and say. Color the sun. Trace. Draw and color. Sing the song. Circle your age and draw.

Procedementos

Lección 1

Saudar aos alumnos, animalos a saudar e presentar ao monicreque, Mouse puppet.

Escoitar e reproducir a canción What's your name? Escoitar

Hello song e realizar as accións. Utilizar the girl and boy flashcards.

Poñer o audio de girl, boy para aprender novo vocabulario. Realizar un xogo para interiorizar o vocabulario aprendido. Despedirse do monicreque e escoitar Goodbye song.

Lección 2 - Daisy's new words

Escoitar the Weather song, poñer o karaoke e realizar as accións.

Reproducir Daisy's new Word: Weather e mostrar the flashcards. Sinalar the flashcard e reproducir the weather song.

Xogar a the Weather game para interiorizar o vocabulario aprendido. Escoitar the Sit down song.

Mostrar the worksheet e sinalar a imaxe correcta.

Despedirse con Tidy up song.

Lección 3 - Robin's new words

Escoitar Red, yellow, Green and blue song.

Escoitar Robin's new words: Colour, para aprender o léxico das cores.

Xogar a Robin's game, Find the flashcards.

Xogar the Yes/No Mouse game, utilizando the colour flashcards. Finalizar a lección utilizando Goodbye routines.

Lección 4 - Robin's new words

Reproducir the Numbers song e realizar as accións.

Escoitar Robin's new words: Numbers para aprender novo vocabulario. Escoitar o diálogo de Happy Birthday, Robin.

Reproducir Birthdays song para interiorizar o vocabulario aprendido. Traballar the worksheet, relacionando números con cores.

Preguntar How old are you? E rodear tantas velas como idades teñan. Finalizar a sesión utilizando the Goodbye routine.

Desenvolvemento das áreas do currículo de educación infantil

Coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal:

Os nenos descubren as posibilidades de acción e expresión, identifican as súas propias características e desenvolven sentimentos de autoestima e autonomía persoal.

O medio físico, natural, social e cultural:

Nesta unidade os nenos observan e exploran os saúdos e as presentacións básicas, aprendendo a relacionarse cos demais, a través de xogos, para ir interiorizando as pautas de comportamento social e ajustan sus conductas a elas.

Os linguaxes: comunicación e representación:

O linguaxe oral é especialmente relevante como instrumento de aprendizaxe. Os nenos aprenden a saudarse e presentarse.

Os nenos acércanse aos instrumentos tecnolóxicos e as producións audiovisuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

No segundo curso de 2º ciclo de infantil a avaliación é continua: Os nenos acostúmanse ás rutinas da clase de inglés.

Participan cantando as cancións da unidade.

Escoitan para obter información específica.

Responden verbal e non-verbalmente a instrucións.

Desenvolven o control do lapis, a psicomotricidade fina e as habilidades de pre-escritura.

Completan as actividades de manualidades.

Unidade 1: I want to be a robot

Tema: As accións

Obxectivos

Consolidar a linguaxe rutinaria da unidade anterior, Hello! e establecer as rutinas de comezo e finalización da sesión. A través de Daisy's new words, introducir aos alumnos vocabulario de accións en Inglés.

Introducir a rutina de Who do you want to be? routine, creando o disface da unidade (robot) e as aventuras de Daisy and Robin.

Explorar o valor da unión e a oportunidade.

Linguaxe activo

Vocabulario: dance, clap, point, sit down, stand up, wave.

Estruturas: Let's, We're strong!

Repaso: Look! dressing up box, routine language; greetings; weather; colours; numbers; birthdays; Hello! language.

Linguaxe pasiva

Look and stick. Find and match. Count Sing the song. Count and circle the number. Where's Mouse? Find and point.

Colour and say the actions. Review the sounds and letters. Look and match the pictures.

Procedementos

Lección 1 — Daisy's new words

Saudar á clase utilizando Hello routine.

Visualizar e escoitar the Actions song e realizar as accións.

Visualizar the Actions flashcards e completar Daisy's new words routine. Xogar a

Daisy's game e representar as accións. Xogar a Sit down song.

Pegar os adhesivos na ficha coas súas accións correspondentes. Finalizar con Tidy up song.

Lección 2— Who do you want to be?

Saudar á clase utilizando Hello routine.

Ven as flashcards das accións e aprenden novas palabras.

Escoitar Daisy's story structure: Actions e realizan as accións. Cantar the

Actions song.

Reproducen Who do you want to be? Chant.

Escoitan a historia I want to be a robot. Xogan

coas flashcards das accións. Finalizar con

Goodbye routine.

Lección 3— Story DVD and comprehension

Saudar á clase utilizando Hello routine.

Xogan coas flashcards e realizan as accións e repiten as palabras. Participar nun xogo escoitando Actions song.

Recitar o chant Who do you want to be?

Visualizan o DVD I want to be a robot.

Realizan as fichas do libro de clase, contan os robots e rodean o número que corresponda.

Finalizar con Goodbye routines

Lección 4— Review

Saudar á clase utilizando Hello routine. Xogar a Pairs.

Realizan diferentes accións seguindo a un "leader". Ver no DVD a historia I want to be a robot.

Participan activamente adoptando os roles de Daisy, Robin and Mouse. Finalizar con Goodbye routine.

Actividades adicionais de reforzo e ampliación (tempo extra)

Xogar a Circle game (representan accións) e Robots (actuar como si fuesen robots)

Colorear e recortar un brazaletes (wristband). Realizar accións en grupo.

Representar accións imitando a voz dun robot.

Adoptar certos roles e representa a historia.

Realizar un círculo e o do medio realiza unha acción moi lenta, o resto da clase ten que adiviñar que é.

Completar the Review worksheet.

Xogar a follow the leader, un realiza unha acción e o resto le ten que imitala.

Xogar a Mouse says...

Desenvolvemento das áreas do currículo de educación infantil

Cofecemento de si mesmo e a autonomía persoal:

A través das actividades da unidade os nenos aprenderán a interactuar cos outros, a compartir e traballar cos seus compañeiros e en grupo, respectando as veces de palabra, no xogo o cando se contestan preguntas ao profesor.

Todo isto creará unha imaxe positiva e axustada de si mesmos.

Al realizar xogos de mímica de algunhas accións, desenvolverán un cofecemento de si mesmo e certa autonomía.

O medio físico, natural, social e cultural:

Nesta unidade os nenos observan e exploran o colexio e the Nursery, viendo as posibles diferencias entre ambas. Se traballar o valor de compartir e da unión. Os nenos axúdanse uns a outros, existindo pautas de comportamento social.

As linguaxes: comunicación e representación:

A linguaxe oral é especialmente relevante como instrumento de representación nesta etapa, de comunicación e de desfrute. Mediante os contos e as cancións os nenos se acercan á literatura infantil e utilizan o linguaxe oral, axudados por técnicas de representación, mímica e expresión corporal.

Os nenos acérpanse aos instrumentos tecnolóxicos e as producións audiovisuais.

Criterios de avaliación

No segundo curso de 2º ciclo de infantil a avaliación é continua: Os nenos acostúmanse ás rutinas da clase de inglés.

Recoñecen e nomean o vocabulario relacionado coas accións.

Participan cantando as cancións Actions song.

Escoitan para obter información específica.

Responden verbal e non-verbalmente a instrucións.

Desenvolven o control do lapis, a psicomotricidade fina e as habilidades de pre-escritura.

Completan as actividades de manualidades.

Unidade 2: I want to be a monster

Tema: Partes do corpo

Obxectivos

Practicar o linguaxe rutinario.

A través de Robin's new words, introducir aos alumnos palabras, en inglés, relacionadas con partes da cara. Crear o disfraz da unidade (monster) e compartir as aventuras de Daisy e Robin. Explorar o valor de ser amable.

Linguaxe activa

Vocabulario: ears, nose, eyes, mouth, sad, happy. Estructuras:
it's got...

Repaso: routine language, greetings; weather; colours; numbers; birthdays; Hello! language.

Linguaxe pasiva

Look and stick. Trace. Point to. Sing the song. Draw. Point and say. Trace your hands. Review the sounds and letters.
Circle . Point and say. Cut, fold and play.

Procedementos

Lección 1—Robin's new words

Comezar todas as sesións con Hello routine. escoitar e
visualizar the Face song.

Completar the Robin's new words routines, usando the Face flashcards. Xogara
Robin's game.

Realizar as fichas de clase.

Finalizar todas as clases escoitando Tidy up son e utilizando Goodbye routines.

Lección 2—Who do you want to be?

Saudar á clase utilizando Hello routine.

Aprender o vocabulario con axuda das flashcards. Cantar the
Face song.

Escoitar e visualizar a historia de I want to be a monster. Falar da
importancia de Being friendly.

Contar a historia de novo usando the Big Story Book. Finalizar
a sesión con Goodbye routine.

Lección 3—Story DVD and comprehension

Saudar á clase utilizando Hello routine.

Escoitar e visualizar the Face song e realizar as accións.

Completar the Who do you want to be? Routine. Recitar the Who
do you want to be? Chant.

Visualizan a historia I want to be a monster. Realizan
as fichas do libro de clase.

Finalizar a sesión con Goodbye routine.

Lección 4—Review

Saudar á clase utilizando Hello routine.

Utilizar os flashcards para realizar un xogo. Debuxar
un monstro e describilo.

Visualizar no DVD a historia I want to be a monster.

Adoptar os roles de Daisy, Robin, Mouse e o monstro. Finalizar
a sesión con Goodbye routine.

Actividades adicionais de reforzo e ampliación (tempo extra)

Debuxar unha cara triste e outra feliz na encerado. Realízalo con xestos. Debuxar
unha cara coas súas partes nun papel.

Repartir a cada alumno the story prop PM 24, colorealo e pegalo nunha cartolina. Unha vez terminado, o
monstro, practicar the monster actions. Xogar ás
estatuas.

Crear the monster story props.

Xogar Yes/No Mouse utilizando the face flashcards.

Dividir á clase en catro grupos. Repartir the face flashcards polo chan. Enumerar do 1-4, e dicir, por exemplo, 1- ears, o
grupo 1 terá que ir a pola ear flashcard.

Debuxar o seu monstro favorito Xogar a

Guess the flashcard.

Realizar un xogo para diferenciar entre sucio e limpo.

Debuxar no encerado un monstro con numerosas características. 9

Xogar Mouse says.

Desenvolvemento das áreas do currículo de educación infantil

Coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal:

Ao estudar as partes da cara e do corpo e realizar actividades, o neno vaise coñecendo así mesmo. Ao realizar as fichas de actividades, os alumnos desenvolven a súa autonomía persoal.

O medio físico, natural, social e cultural:

Van interiorizando progresivamente pautas de comportamento social realizando actividades como, por exemplo, falar do valor de ser amable e, mediante o xogo, relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria.

Desenvolvense coñecementos culturais visitando un colexio en Reino Unido a través do DVD.

As linguaxes: comunicación e representación:

O linguaxe corporal ten que ver coa utilización do corpo, os seus xestos, accións e movementos e a súa vez cunha intención comunicativa e representativa. O xogo simbólico e a expresión dramática tamén supón un modo de manifestar a súa afectividade.

Criterios de avaliación

No segundo curso de 2º ciclo de infantil a avaliación é continua: Os nenos acostúmanse ás rutinas da clase de inglés.

Recoñecen e nomean o vocabulario relacionado coas partes do corpo.

Participan cantando as cancións Face song.

Responden verbal e non-verbalmente a instrucións.

Desenvolven o control do lapis, a psicomotricidade fina e as habilidades de pre-escritura.

Completan as actividades de manualidades.

Unidade 3: I want to be an artist

Tema: O material e as cores

Obxectivos

Practicar a linguaxe rutinaria.

A través de Daisy's new words, introducir aos alumnos vocabulario, en inglés, relacionado coas cores. Montar o disface da unidade (artist) e utilízalo na historia das aventuras de Daisy e Robin. Establecer o valor de ser ordeado.

Linguaxe activa

Vocabulario: pink, gree, orange, brown, black, white. Estruturas:

It's (a)....

Repaso: routine language; greetings; weather; colours; numbers; birthdays; Hello! Language; Units 1 and 2 language.

Linguaxe pasiva

Look and stick. Colour. Point to and say the colours. Sing the song. Match. Look and colour. Review the sounds and letters. Find and colour. Count the circles, squares and triangles. Write the numbers.

Procedementos

Lección 1—Daisy's new words

Comezar todas as sesións desta unidade con Hello Routine. Visualizar the Colour song no DVD e realizar as accións.

Completar the Daisy' new words routine para interiorizar o vocabulario. Xogar a Daisy's game. Ten que encontrar the colours flashcards. Realizar as fichas do libro de clase.

Pegar os adhesivos e colorear as formas.

Finalizar todas as sesións desta unidade con Goodbye routine o Tidy up song.

Lección 2—Who do you want to be?

Traballar the six Colours flashcards para interiorizar o vocabulario aprendido.

Cantar the Colour song e realizar as accións.

Recitar o chant Who do you want to be?

Escoitar a historia I want to be an artist e, seguir a historia utilizando the Big Story Book. Falar sobre o valor de ser ordeado.

Lección 3—Story DVD and comprehension

Escoitar e visualizar o DVD de Colour e realizar as accións.

Mostrar Who do you want to be? poster e completar Who do you want to be? routine. Recitan Who do you want to be? chant.

Escoitar e visualizar no DVD a historia I want to be an artist.

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA EDUCACIÓN INFANTIL

Realizar a ficha de clase coloreando segundo se indica na lenda.

Lección 4—Review

Xogar a un xogo relacionado coas cores.

Utilizan as flashcards para realizar un xogo e interiorizar as cores.

Visualizar a historia I want to be an artist no DVD e os alumnos o interpretan. Adoptar os roles de Daisy, Robin, Mouse, the ladybird and the Caterpillar.

Actividades adicionais de reforzo e ampliación (tempo extra)

Realizar un círculo e estender the Colours flashcards no centro. Say un neno ao centro e ten que buscar o flashcard dun color específico, cólleo e pásao por todo o círculo.

